

MODIFICACIÓN: Eliminación nas orientacións do Método Radiométrico

Decreto 157-2022:

Bloque 1: Experimentación en Xeoloxía e.....

“comprender holisticamente o funcionamento do planeta”

“Instrumentos para a utilización no campo e no laboratorio. Novas tecnoloxías na investigación xeolóxica e ambiental.”

“As ciencias xeolóxicas e ambientais comparten unha serie de principios comúns con todas as demais disciplinas científicas e a comunicación constitúe unha parte imprescindible para o seu progreso. Con todo, tamén existen formas de proceder exclusivas destas ciencias e, polo tanto, formatos particulares para a comunicación dentro destas, como mapas (topográficos, hidrográficos, hidroxeolóxicos, xeolóxicos, de vexetación, de riscos...), fotografías aéreas, imaxes de satélite, **cortes** e diagramas de fluxo, entre outros.”

“Obxectivo 6:, reconstruír a historia xeolóxica”....” Os fenómenos xeolóxicos ocorren a escalas e ao longo de períodos de tempo con frecuencia inabarcables para a súa observación directa. Con todo, a análise minuciosa do terreo utilizando distintas estratexias e a aplicación dos principios básicos da xeoloxía permiten reconstruír a historia xeolóxica dun territorio”....

CA1.1. Analizar criticamente conceptos e procesos relacionados cos saberes da xeoloxía.... interpretando información en diversos formatos, cortes, modelos, diagramas de fluxo....

CA1.7. Deducir e explicar a historia xeolóxica

CONTIDOS:

O traballo xeolóxico e ambiental.

– Ferramentas de representación da información xeolóxica e ambiental: columna estratigráfica, corte, mapa, diagrama de fluxo...

Bloque 2:

Criterios de Avaliación:

“CA2.2. Valorar os avances tecnolóxicos e científicos que permitiron chegar á teoría da tectónica de placas integrando as probas que a avalan.....

Non é posible achegar esta comprensión se non se entende o concepto de tempo xeolóxico e, en consecuencia, os procedementos de análise cronolóxica. Poñamos por caso un concepto tan relevante na actualidade como o Antropoceno, que non se pode establecer sen a utilización de cronoloxías radiométricas. Claramente a cronoloxía radiométrica é unha tecnoloxía esencial na investigación tanto xeolóxica como ambiental. Con todo, é certo que nos textos non se recolle esta cuestión polo que, para evitar as dúbidas expresadas polo profesorado, a decisión foi eliminar das orientacións estes aspectos.